



CONTOS QUE  
CONTAXIAN ILUSION

[bibotecainfantil.fundaciononce.es](http://bibotecainfantil.fundaciononce.es)



1

# Aurora LOCUTORA



2

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.



3

## SOBRE A CEGUEIRA

Sabías que o 80 % da información que recibe o noso cerebro chégalle **a través dos nosos ollos?**

Isto quere dicir que moitas das habilidades que tes as aprendiches grazas á visión. É alucinante, verdade? A vista ten un papel moi importante na nosa vida. Que ocorrería se

**NON PUIDESES VER** ou

**o fixeses con dificultade?**

A cegueira é a falta de visión. Pódese ser totalmente cego, ou ver algunhas **FORMAS e cores.**

Os que a teñen, desenvolven moito máis os seus outros sentidos, así compensan o que lles falta. Neste conto, coñecerás a Aurora, e comprobarás que é unha nena chea de imaxinación e ilusións.

Coñecela servirache para descubrir unha verdadeira heroína, **capaz de desenvolverse ela soíña.**

4

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

Son coma un felino móvome silenciosamente, ninguén sabe onde estou, en que lugar da miña casa me atopo...




Porén, eu si - **podoo oílos a todos!**  
**TEÑO O OÍDO MÁIS FINO QUE NINGUÉN...**  
 Meu pai enfádase cando me agocho,  
 pero eu divírtome moitísimo.

5

O de ser coma un felino tampouco lle gusta a «Fraco», **o meu can guía**. Eu creo que é por esa liorta que hai sempre entre cans e gatos. Non sei quen dixo que se levaban mal, pero desde aquel mesmo día levantou unha inimidade que é unha **auténtica parvada**.

Por certo, púxenlle o nome de «Fraco»

**PORQUE ESTÁ COMA UN BOCOI.**



6

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

Eu intento convencer ao meu fiel amigo de que os gatos son **quentinos e agarimosos.**

“Mira Pirlo, o gato da tía avoa Cecilia. Cando o toco, o seu pelo faime cóxegas nos dedos e a súa lingua é tan graciosa, áspera e pequeniña, que me fai rir moito.”



Pero Fraco nin caso. Aínda que só no dos gatos, porque no demais é o can máis **BO E OBEDIENTE** que xamais existiu.

7

A min cústame ver cos ollos, así que vexo doutra maneira. Por exemplo, podo tocar algo e saber como é, o **ESCOITAR OS SONS...** É coma se estivese nun cine moi particular no que hai que deixarse levar pola imaxinación e iso si que mola.

**Eu imaxínome de todo...**

Imaxino a miña nai cando cociña patacas "á importancia", que lle saen de morte!



Imaxino ao meu profe correndo atrás o Alfonso, que é un neno moi falcatruero que hai na miña clase. Imaxino as nubes cargadas de pingas de choiva e o arco da vella quecido polo sol.

**TANTAS COUSAS  
IMAXINO!**



8

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

Pero con diferenza,

### ○ QUE MELLOR SE ME DÁ

é imaxinar os partidos  
de fútbol que  
escoitamos o avó e  
mais eu todos  
os domingos  
pola radio.



Porque a min,  
**ADEMAIS DOS  
ANIMAIS**, encántanme  
os deportes e, entre  
todos os deportes, o que máis o fútbol, porque

**é moi emocionante.**

9

Cando hai partido, sentámonos xunto á vella  
radio, os dous moi **XUNTIÑOS**,  
como creo que fan os pingüíns cando teñen  
moito frío, e **ESCOITAMOS**  
atentamente:

"AVANZA POLA  
BANDA DEREITA,  
REGATEA UN RIVAL,  
CENTRA Á ÁREA,

E...  
**Gooooooooo!!!**



10

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

*Buff! Que subidón!* O avó e máis eu abrazámonos e saltamos de ledicia, esta vez coma

**OS PINGÜINS** cando ven saír o sol despois dunha brea.



Berramos juntos **"VIVA, VIVA!"** namentras mamá dinos que non griteamos tanto, eu penso no bonito que sería facer que a xente brincase de emoción ao oír a miña voz dicindo


**"¡GOOOOL!"**

11

É verdade que aínda son un pouco pequena para tomar decisións, **aínda que xa teño 10 anos, eh?**; pero estou segura do que quero ser de maior:

**LOCUTORA DE RÁDIO.**

Radiarei os partidos xunto ao avó e formaremos todo un equipo. El dirame o que pasa ao oído e eu contareino con paixón polo micro. Hai quen cre que é un soño imposible, e intentan botarme cara atrás. É entón cando eu lles digo coa miña voz alta, clara e limpa:



12

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.



## “O imposible... é a meta dos que cren”

E non sei que ten esta frase que escoitei un día no cole pero, despois de dicila e quedarme tan a gusto, **TODOS SE ACHEGAN CANDA MIN PARA DARME UN GRAN BICO.**

E é entón cando o noto. As súas meixelas xunto ás miñas, fálame de que podo facer o que me propoña, porque **A MIÑA VISTA** chega moito máis lonxe.

**eU PODO VER INCLUSO MÁIS ALÁ DO HORIZONTE.**

13



# Fin

14

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.